

ANEXO I
PROPOSTA DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN STEMbach

| | |
|---------------------------------------------------------|-----------------------|
| Coordinación STEMbach na Facultade/Escola UVigo: | |
| Nome: Silvia Sierra Martínez | |
| Enderezo electrónico: sierra@uvigo.gal | Teléfono: 988 387 101 |
| Dirección do proxecto Uvigo: | |
| Nome: Silvia Sierra Martínez | |
| Enderezo electrónico: sierra@uvigo.gal | Teléfono: 988 387 101 |
| Co-dirección do proxecto UVigo: | |
| Nome: Mª Esther Martínez-Figueira | |
| Enderezo electrónico: esthermf@uvigo.gal | Teléfono: 986 801 773 |
| Bienio | 2022-2024 |
| Número de participantes (máx. 4) | 2 |

NOTA: Os custos derivados da execución deste proxecto de investigación tales como os desprazamentos do profesorado da UVigo ao centro educativo ou doutras actividades establecidas no plan de traballo, correrán a cargo do centro educativo ao que se asigne este proxecto.

Título

ESTEREOTIPOS SOBRE A RAZA NOS MATERIAIS PEDAGÓXICOS DO IES RAMÓN OTERO PEDRAYO

Resumo

O IES Ramón Otero Pedrayo é o instituto histórico da provincia de Ourense, estando ubicado nas súas instalacións actuais dende 1897. Adicado sempre ás ensinanzas medias, o instituto conta cunha grande variedade de materiais pedagóxicos empregados ao longo dos últimos 125 anos.

Neste tempo os cambios sociais, tecnolóxicos e de todo tipo foron acompañados de cambios metodolóxicos no ensino que se ven reflexados nos materiais acumulados e conservados no museo do instituto ata os empregados na actualidade.

Obxectivo

- Analizar a evolución de estereotipos sobre a raza no material didáctico empregado nas aulas (a elixir a materia) a partir dos fondos do centro (libros de texto, cadernos de traballo...)

Plan de traballo

O plan de traballo que se prevé é:

1. Toma de acordos cos e coas investigadoras en formación: busca e selección dos fondos documentais que se van analizar (tanto descatalogados como actuais).
2. Formación sobre a busca documental de información científica nas bases de datos: busca de artigos relacionados co obxecto de estudo.
3. Formación teórico-práctica sobre a metodoloxía de investigación comparativa.
4. Deseño do plan de investigación que se vai desenvolver cos/as investigadores/as en formación (cronograma, criterios cualitativos de análise...).
5. Recollida de datos a partir dos fondos documentais seleccionados.
6. Análise comparativa da información.
7. Informe e preparación da defensa pública.